



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Xénero, igualdade e educación		Código	652G03007
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Iglesias Galdo, Ana Maria	Correo electrónico	ana.iglesias@udc.es	
Profesorado	Iglesias Galdo, Ana Maria	Correo electrónico	ana.iglesias@udc.es	
Web	http://www.educacion.udc.es/doc_profesor.php?id=55			
Descrición xeral	<p>Educación significa facilitarlle ó alumnado a aprendizaxe daqueles coñecementos, destrezas e competencias básicas que lles permitan tomar conciencia do funcionamento da sociedade e actuar en consecuencia desde unha posición crítica. Unha sociedade democrática e cada vez máis multicultural esixe, tamén da educación social, agudizar a mirada para detectar os elementos culturais que puideran ser discriminatorios para algún grupo social en particular, analizar os cambios e resistencias e contribuír a transformar as institucións, programas ou servizos sociais no que podan ter de inxusto ou discriminatorio.</p> <p>Enfocaremos os ámbitos da educación social, especialmente aqueles que teñen máis poder na definición das identidades: as familias, formalmente democráticas con restos patriarcais; a escola, formalmente coeducativa con reminiscencias do modelo mixto e os equipamentos, programas e servizos ligados ó tempo de ocio adolescente, ocupando un lugar destacado nas redes de comunicación, no seu afán de crear ávidos consumidores.</p> <p>Desafiar a desigualdade en función do xénero require dun modelo crítico abertamente antisexista, para detectar onde persisten e son especialmente activos os sexismos. No marco desta materia, apelaremos á teoría feminista, en tanto teoría crítica reflexiva que aporta claves para coñecer as causas da desigualdade, analizar os procesos de distribución de recursos, cuestionar as xerarquías sociais, buscar solucións que contribúan a globalizar un orde social que garanta a igualdade de mulleres e homes e, por ende, unha sociedade do século XXI, máis inclusiva, democrática e socialmente xusta.</p> <p>Propoñemos, parafraseando á profesora Celia Amorós, identificar algúns dos fíos de cor de rosa tecidos nas redes sociais, que son, as liñas e direccións nas que puntearemos os fíos violeta da coeducación.</p>			



<p>Plan de continxencia</p>	<p>1. Modificacións nos contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non se realizarán cambios <p>2. Metodoloxías docentes que se manteñen:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sesión maxistral - Discusión dirixida - Traballos tutelados (Portafolio e Estudo de caso) - Atención personalizada <p>3. Metodoloxías docentes que se modifican:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Proba mixta. Non se realizaría, dado que a avaliación deses contidos se incorporarían ós Traballos tutelados: Portafolio e Estudo de caso. <p>4. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Correo electrónico para facer consultas. - Moodle: plataforma de intercambio de información para contestar ás dúbidas e manter actualizada a programación e seguimento da materia. - Teams. Unha sesión semanal de gran grupo para informar sobre do avance dos contidos teóricos e organizar os traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de Aulas da Facultade. <p>5. Modificacións na avaliación:</p> <p>5.1. Modalidade A: Corresponde ao alumnado que forma parte dos grupos interactivos a establecer no inicio do curso 2020-2021, e que irán desenvolvendo un traballo tutelado (portafolio e estudo de caso) con asistencia e seguimento por parte da profesora.</p> <p>-Descrición :</p> <p>Portfolio 100%: Dossier ordenado por seccións, debidamente identificadas, paxinadas e cun índice introductorio que contería a información produto das actividades que, propostas pola profesora e recollidos os seus enunciados nun documento dispoñible en Moodle, está a realizar o alumnado referido no apartado anterior. Incluirá o deseño dun proxecto coeducativo (30%).</p> <p>5.2. Modalidade B: Corresponde ó Alumnado matriculado que non está integrado nos grupos formados no inicio do curso e non sigue a materia segundo o planificado.</p> <p>- Descrición: Proba de comentario de texto (100%).A partires dun breve texto/situación, elaborar un comentario de texto nun tempo determinado, e coas referencias bibliográficas pertinentes en relación ós documebtos de traballo obxeto de avaliación.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Criterios de avaliación. TÓDALAS MODALIDADES. Claridade, corrección lingüística, síntese, e orde na estrutura. Comprensión das ideas básicas, dominio conceptual, uso de diferentes fontes de información na elaboración das respostas. Rigurosidade, profundidade na argumentación/fundamentación e coherencia. Orixinalidade e pertinencia das relacións entre os contidos. Capacidade crítica. - O listado de contidos académicos de referencia obligatoria nas probas de avaliación, son os recollidos no ?Dossier de Lecturas?, e os PDFS elaborados pola profesora, ambos dispoñibles en Moodle, así como aquela webgrafía que puntualmente se seleccione pertinente para completar o debate nalgunha temática <p>6. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non se realizarán cambios
------------------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.



A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A3	Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos
A9	Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
A15	Elaborar e xestionar medios e recursos para a intervención socioeducativa.
A17	Formar axentes de intervención socioeducativa e comunitaria.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
B3	Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.
B4	Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Asumir o paradigma feminista como marco imprescindible no que sustentar todo proxecto de acción socioeducativa.	A8 A14 A17 A20	B4 B6	
Deseñar e desenvolver proxectos, programas con perspectiva feminista nos diferentes campos de acción socioeducativa promovendo culturas colaborativas	A9 A14 A15 A17 A20	B3 B4 B6	C1 C6 C7
Asegurar a coeducación social como elemento imprescindible dos modelos de educación inclusiva	A1 A2 A3		C4

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O concepto de xénero nas ciencias sociais	1.1. Precisións terminolóxicas previas: diversidade, diferenza, igualdade, desigualdade; sexo, xénero. 1.2 Patriarcado Androcentrismo Misoxinia. 1.3 Feminismo como marco teórico, como movemento social e político.



2. Institucións socializadoras/educadoras e mandatos de xénero	<p>2.1. Mandatos de xénero como contidos culturais</p> <p>2.2. O papel dos estereotipos na configuración das identidades</p> <p>2.3. Principais sexismos inseridos en institucións/servizos e/ou programas de acción socioeducativa. Elementos de análise: linguaxe, estrutura, cargos, normativa, organización dos espazos, relacións, contidos, expectativas ...</p> <p>2.4. Ámbitos a problematizar: Linguaxe; Ocio e tempo de lecer: medios, deporte, videoxogos, revistas; Familias; Socialización profesional; Política</p>
3. A violencia de xénero	<p>3.1. Agresividade, poder, violencia: precisións terminolóxicas</p> <p>3.2. Mitos da violencia de xénero.</p> <p>3.3. Masculinidades, feminidades e violencia</p> <p>3.4. A educación na Lei integral de medidas de protección contra a violencia de xénero.</p> <p>3.5. Sobre da construción do Amor, o Poder e os Cuidados.</p>
4. A coeducación: o compromiso colectivo de educar para a igualdade.	<p>4.1. A coeducación como proxecto feminista.</p> <p>4.2 Principais sexismos inseridos en institucións/servizos e/ou programas de acción socioeducativa. Elementos de análise: linguaxe, estrutura, cargos, normativa, organización dos espazos, relacións, contidos, expectativas ...</p> <p>4.3. Da escola mixta a coeducativa. O papel do xénero na construción do éxito e do fracaso escolar.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A14 B6 C4 C6	10	21.5	31.5
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A8 B3 C1 C4 C6	12	24	36
Proba mixta	A2 A3 A14 B6 C1 C6	0	10	10
Discusión dirixida	A8 A14 A20 B3 B6	6	6	12
Estudo de casos	A2 A9 A15 A17 B4	3.5	6.5	10
Portafolios do alumno	A1 A2 A3 A8 A14 A20 B3 B6 C1 C7	6	33	39
Presentación oral	B6 C1	0.5	0	0.5
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A20 B3	4	4	8
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	As fontes documentais son os referentes conceptuais que se presentarán ó redor dos diferentes núcleos temáticas que vertebran a materia. Utilizaráanse documentos audiovisuais e bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos...) que son relevantes para afondar no temario con propostas de actividades específicas para o estudo dos mesmos.
Sesión maxistral	Ao comezo de cada núcleo formativo farase unha exposición xeral introductoria de cada tema, mediante exposición oral, guiada co uso de recursos audiovisuais, destacando os asuntos que precisen dun maior afondamento, así como as orientacións oportunas para poderen ser ampliados. Asemade proporase unha discusión dirixida, por grupos, co fin de ollar os prexuízos, valorar os intereses do alumnado, ter en conta as súas contribucións e potenciar a súa participación na construción significativa do coñecemento.



Proba mixta	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe o remate do curso, na que o alumnado deberá dar resposta ás cuestións prantexadas a través dun marco global e integrado dos diferentes núcleos temáticos contemplados nesta guía docente
Discusión dirixida	Será unha das dinámicas máis utilizadas, para a que se acordará con suficiente antelación as lecturas previas de carácter obrigatorio que, recollendo diferentes argumentacións sobre dunha temática, favoreza o contraste e o debate de opinións fundamentadas e o e coa finalidade de que o alumnado constrúa unha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade socioeducativa.
Estudo de casos	Adoptando o feminismo como marco conceptual, selección dunha temática para deseñar un proxecto coeducativo nalgún dos ámbitos da educación social: centro de menores, escola, centros cívicos, asociacións de ocio, deporte e tempo de lecer, campamentos, etc. As datas para o seu desenvolvemento e sesións de tutoría contempladas para este fin, serán acordadas na aula, a proposta da profesora. Ademais de ser incluído no Portafol, cada grupo expoñerá o seu proxecto co obxecto de compartilo e sometelo a debate e valoralo.
Portafolios do alumno	Dossier ordenado por seccións, debidamente identificadas, paxinadas e cun índice introdutorio que conterá os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado ao longo do semestre. É froito do traballo tutelado e continuo en torno aos diferentes núcleos temáticos que se iniciarán na aula pero que requirirá do traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través de atención personalizada da profesora ós distintos grupos
Presentación oral	Defensa dun Proxecto de coeducación, prestando especial atención ó marco teórico feminista e deseñando accións coherentes co mesmo.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Esta tipo de actividade será recollida no portafol.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Estudo de casos Portafolios do alumno	Os grupos de traballo organizaranse a modo de seminarios onde se desenvolverán as diferentes metodoloxías que requiren a presenza e participación do alumnado, así como as lecturas previas traballadas para tal fin. As cuestións a traballar, así como a organización concreta do seminario dependendo da temática, serán acordadas ó comezo de cada núcleo temático.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A2 A9 A15 A17 B4	Tendo como referencia a bibliografía e as actividades desenvolvidas na aula, e adoptando o feminismo como marco conceptual, deseñarase un proxecto coeducativo pensado para algún dos contextos de educación social: servimos de igualdade, centro de menores, escola, familias, centros cívicos, asociacións de ocio, deporte, cultura e tempo de lecer, campamentos, etc. O proxecto será exposto co obxecto de compartilo, sometelo a debate e valoralo	20
Portafolios do alumno	A1 A2 A3 A8 A14 A20 B3 B6 C1 C7	Dossier ordenado por seccións, debidamente identificadas, paxinadas e cun índice introdutorio que conterá os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado ó longo do semestre. Inclúe todo o traballo realizado : notas de clases, tarefas desenvolvidas, resumos, dificultades atopadas , comentarios etc. É froito do traballo tutelado e continuo en torno ós diferentes núcleos temáticos que se iniciarán na aula pero que requirirá do traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través de atención personalizada da profesora ós distintos grupos.	40



Proba mixta	A2 A3 A14 B6 C1 C6	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe o remate do curso, na que o alumnado deberá dar resposta ás cuestións formuladas a través dun marco global e integrado dos diferentes núcleos temáticos contemplados nesta guía docente.	40
-------------	--------------------	---	----

Observacións avaliación



Criterios de avaliación:

- Comprensión das ideas básicas, dominio conceptual, uso de diferentes fontes de información na elaboración das respostas, rigurosidade, profundidade e coherencia, orixinalidade e pertinencia das relacións, argumentación/fundamentación, capacidade crítica.

-Estilo lingüístico: claridade, corrección lingüística, síntese, e orde na estrutura e na presentación oral/escrita.

Opcións en función do grao de asistencia

OPCIÓN A. Para o alumnado que asiste/participa nas actividades de aula (asistencia superior ó 80%):

- a. Portafolio (40%).
- b. Estudo de casos: Deseño e presentación oral dun Proxecto de coeducación (20%).
- c. Proba mixta: Exame sen material sobre os contidos da materia (40%).

OPCIÓN B. Para o alumnado que non asiste/participa das actividades de aula (asistencia inferior ó 80%):

- Proba mixta: Exame sen material sobre os contidos da materia (100%).

En calquera das dúas opcións é preciso contestar, cando menos parcialmente, a tódalas cuestións formuladas (en caso contrario a cualificación será de Suspenso), e obter unha avaliación favorable en cada unha das partes da materia. No caso de non ser así, a cualificación en Actas será a da parte suspensa en base 10. O alumnado con recoñecemento oficial de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, deberá acudir a titorías para fixar as sesións interactivas e expositivas nas que poderá estar presente co fin de determinar os traballos substitutorios, se fose o caso. Nesta titoría será informado do procedemento de avaliación que será o que resulte máis acaído en función da súa presenza/ausencia nas sesións interactivas.







Bibliografía básica

- ÁLVAREZ-URÍA, Fernando e VARELA, Julia (2009). "Sociología del género: algunos modelos de análisis". Madrid: Morata
- AMORÓS, Celia (2005). La gran diferencia y sus pequeñas consecuencias...para la lucha de las mujeres. Madrid: Cátedra
- AMORÓS, Celia (Dcta) (1995). 10 palabras clave sobre Mujer. Navarra:evd
- AMOROS, Celia e DE MIGUEL Ana (eds.) (2005). Teoría feminista: de la Ilustración a la globalización. De los debates sobre el género al multiculturalismo. Madrid: Minerva
- BALLARÍN, Pilar (2006). "La educación 'propia del sexo'". Madrid: Akal
- BALLARIN, Pilar (2008). "Retos de la escuela democrática". Madrid: Catarata
- BALLARÍN, Pilar (2015). Los códigos de género en la universidad. Revista Iberoamericana de educación, nº 68, 19-38
- BALLARÍN, Pilar (2016). ¿Una profesión feminizada?. Cuadernos de Pedagogía, 469
- BLANCO, Nieves (Coord.) (2001). Educar en femenino y en masculino. Madrid: Tres Cantos
- COBO, Rosa (2017). La prostitución en el corazón del capitalismo. Madrid: Catarata
- COBO, Rosa (ed.) (2008). Educar en la ciudadanía. Perspectivas feministas. Madrid: Catarata
- COBO, Rosa (ed.) (2006). Interculturalidad, feminismo y educación. Madrid: Catarata
- COBO, Rosa (2011). Hacia una nueva política sexual. Madrid: Catarata
- CONNELL, Robert and PEARSE, Rebecca (2015). Gender in World Perspective. 3º Ed. Cambridge: Polity Press
- DePALMA, Renée (2013). Choosing to lose our gender expertise: queering sex/gender in school settings. Sex Education: Sexuality, Society and Learning, 13:1, 1-15, DOI:
- GABRIEL, Narciso de (2013). A educación das mulleres no século XIX: exclusión, dependencia e autonomía. Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación, nº 17
- GABRIEL, Narciso de (2019). Elisa e Marcela. Amigas e amantes, . Edicións Xerais
- IGLESIAS G., Ana e BALLARÍN D., Pilar (2013). El "mito" del éxito escolar de las niñas. Servizo de Publicacións U. Vigo, Santiago e Coruña
- IGLESIAS GALDO, Ana (2016). "Educación universitaria y ciudadanía global: puede la igualdad de género ser optativa?". En Revista Educação em Questão, V. 54, n. 40, p. 12-41
- LOMAS, Carlos (comp.) (2004). Los chicos también lloran. Identidades masculinas, igualdad entre los sexos y coeducación. Barcelona: Paidós
- LORENTE, Miguel (2008). El agresor de género: acciones y reacciones del posmachismo? . Madrid: Universidad Complutense
- LUKE, Carmen (comp.) (1999). Feminismos y pedagogías en la vida cotidiana. Madrid: Morata
- MARTÍN, Virginia e ETURA, Dunia (2016). La comunicación en clave de igualdad de género. Madrid: Fragua
- MENENDEZ MENENDEZ, Mª Isabel (2008). Discursos de ficción y construcción de la identidad de género en TV. Palma de Mallorca: Universitat de les Illes Balears
- MENENDEZ MENENDEZ, Mª Isabel (2006). El zapato de Cenicienta. El cuento de hadas del discurso mediático. Oviedo: Trabe
- MIEDZIAN, Myriam (1995). Chicos son, hombres serán. Cómo romper los lazos entre masculinidad y violencia. Madrid: Horas y horas
- MIGUEL, Ana de (2015). Neoliberalismo sexual. El mito de la libre elección. Valencia: Cátedra
- MORENO, Montserrat Moreno (1993). Cómo se enseña a ser niña: el sexismo en la escuela. Barcelona: Icaria
- OSBORNE, Raquel (2009). Apuntes sobre violencia de género. Barcelona: Bellaterra
- RENAU, Dolores (ed.) (2012). Cómo aprender a amar en la escuela. Madrid: Catarata
- RODRIGUEZ, Carmen (Comp) (2006). Género y currículo. Aportaciones del género al estudio y práctica del currículo.. Madrid: Akal
- RODRIGUEZ, Carmen (2011). Género y cultura escolar. Madrid: Morata
- RODRÍGUEZ, Rosa (Ed.) (2015). Sin género de dudas. Logros y desafíos del feminismo hoy. Madrid: Biblioteca Nueva
- SÁNCHEZ, Ana e IGLESIAS, Ana (2008). "Currículum oculto en el aula: estereotipos en acción". Madrid: Catarata



- SÁNCHEZ, Mercedes (coord) (2009). Cómo educar en la diversidad afectivo-sexual en los centros escolares. Orientaciones prácticas para la ESO. Madrid: Catarata
- SANTOS GUERRA, Miguel A. (Coord.) (2000). El harén pedagógico. Perspectiva de género en la organización escolar. Barcelona: Grao
- SÁNCHEZ, Ana (2006) (Coord.) (2006). Políticas públicas de igualdad. Perspectiva de xénero.. Santiago: Laiovento
- SÁNCHEZ, Ana e IGLESIAS, Ana (Coords.) (2008). Tratamento da violencia de xénero dende as políticas de igualdade. Universidade da Coruña
- SANCHEZ BELLO, Ana (2012). Dirección escolar y techo de cristal.El tiempo en cuestión. Revista iberoamericana de educación
- SAN SEGUNDO, Teresa (2015). A vueltas con la violencia. Una aproximación multidisciplinar a la violencia de género. Madrid: Tecnos
- SAVIN-WILLIAMS, Ritchard (2009). La nueva adolescencia homosexual. Madrid: Morata
- SUBIRATS, Marina e TOMÉ, Amparo (2007). Balones fuera: reconstruir los espacios desde la coeducación. Barcelona: Octaedro
- SUBIRATS, Marina (2008). La masculinidad hoy: un género obsoleto? . Madrid: Universidad Complutense
- SUBIRATS, Marina e BRULLET, Cristina (1988). Rosa y Azul. La transmisión de los géneros en la escuela mixta. Madrid: Instituto de la Mujer
- TOMÉ, Amparo e RAMBLA, Xavier (ed.) (2001). Contra el sexismo. Coeducación y democracia en la escuela. Barcelona: Síntesis
- TOMÉ, Amparo e TONUCCI, F. (2013). Con ojos de niña. Barcelona: Graó
- VALCÁRCEL, Amelia (2009). Feminismo en el mundo global. Madrid: Cátedra
- VARELA, Julia; PARRA, Pilar e VAL, Alejandra (2016). Memorias para hacer camino. Relatos de vida de once mujeres españolas de la generación del 68.. Madrid: Morata
- VARELA, Julia (2011). Mujeres con voz propia. Carmen Baroja y Nessi, Zenobia Camprubí Aumar e María Teresa León Goyri. Madrid: Morata
- VV.AA (2014). El amor 2.0 y las desigualdades de género entre adolescentes. Barcelona: Graó
- BARBÉ, Alba, CARRO, Sara e VIDAL, Carlesw (2014). La construcción de las identidades de género. Madrid: Catarata
- Sánchez A, e Iglesias, A. (2017). Coeducación: feminismo en acción. Atlánticas. Revista Internacional de Estudios



Bibliografía complementaria	
-----------------------------	--------

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente
--

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías